

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

9187 *REAL DECRETO 585/2006, do 12 de maio, polo que se establecen criterios de redución das axudas agroambientais e da indemnización compensatoria en determinadas zonas desfavorecidas en función do grao de cumprimento das boas prácticas agrarias habituais.* («BOE» 125, do 26-5-2006.)

O Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, establece no título II, capítulos V e VI, uns réximes de axudas destinados a zonas desfavorecidas e a fomentar métodos de produción agropecuaria que permitan protexer o ambiente. Nestes mesmos capítulos recóllese a necesidade do cumprimento das boas prácticas agrarias habituais, que serán de referencia para o seu outorgamento.

O Regulamento (CE) n.º 817/2004 da Comisión, do 29 de abril 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, sinala que as boas prácticas agrarias habituais serán definidas polos Estados membros nos seus programas de desenvolvemento rural. Estas boas prácticas corresponden ás prácticas normais que aplicará un agricultor responsable na rexión que se prevé.

Neste marco comunitario, mediante a Decisión C (2000) 3549, do 24 de novembro, a Comisión Europea aprobou o Programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento en España, cuxa aplicación se estableceu, entre outros, mediante o Real decreto 3482/2000, do 29 de decembro, polo que se regula a indemnización compensatoria en determinadas zonas desfavorecidas e o Real decreto 4/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas á utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente.

Con posterioridade, a Decisión C (2001) 4739 da Comisión, do 20 de decembro, aprobou a modificación do Programa, que se aplicou a través do Real decreto 708/2002, do 19 de xullo, polo que se establecen medidas complementarias ao Programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento da política agraria común.

Finalmente, a Decisión C (2003) 2947, do 5 de agosto, aprobou unha posterior modificación do Programa, cuxa aplicación se realiza a través do Real decreto 172/2004, do 30 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 708/2002, do 19 de xullo.

Nos reais decretos antes citados establécese a obrigatoriedade dos beneficiarios das axudas de respectar o cumprimento, como mínimo, das boas prácticas agrarias habituais recollidas nas citadas disposicións.

Así mesmo, o Programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento sinala que as boas prácticas agrarias habituais, técnicas normais de explotación que aplica un agricultor responsable na zona onde exerce a súa actividade, son as que serven de referencia para o outorgamento das axudas dispostas nos capítulos V e VI do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

En definitiva, a definición e enumeración das boas prácticas agrarias habituais vixentes están recollidas no anexo I do Real decreto 708/2002, do 19 de xullo. O cumprimento destas boas prácticas é requisito indispensable para a concesión das axudas en zonas desfavorecidas e as primas a medidas agroambientais.

Con este real decreto preténdese dotar as comunidades autónomas, beneficiarias do Programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento, dunha serie de directrices que faciliten a aplicación práctica, a xestión e o control dos requisitos das boas prácticas agrarias habituais.

Ao mesmo tempo e coa finalidade de facer un mellor seguimento e comprobación do cumprimento destas boas prácticas agrarias obrigatorias, fanse necesarias unhas normas que establezan criterios de proporcionalidade das axudas en función do grao de cumprimento das referidas prácticas agrarias.

Para tal fin, no anexo faise unha clasificación das boas prácticas agrarias en principais e secundarias e especificanse os requisitos, obxectivos e indicadores para o control e a forma de realización dos controis para comprobar o seu cumprimento. En función do devandito cumprimento, establécense unha serie de reducións da axuda.

Inclúese na disposición derradeira primeira unha modificación do Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores, para flexibilizar a regulación do prazo de presentación de solicitudes de maneira que este se poida adaptar, mediante orde ministerial, ás necesidades de programación manifestadas polas comunidades autónomas e se logre, con iso, un aproveitamento máis óptimo desta liña de subvencións.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 12 de maio de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Redución das axudas en relación co grao de cumprimento das boas prácticas agrarias habituais.*

1. As axudas que se concedan en virtude do Real decreto 3482/2000, do 29 de decembro, polo que se regula a indemnización compensatoria en determinadas zonas desfavorecidas, e do Real decreto 4/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas á utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente, poderán ser reducidas en virtude do grao de cumprimento das boas prácticas agrarias habituais exixidas neles.

2. As boas prácticas agrarias habituais son as fixadas no anexo I do Real decreto 708/2002, do 19 de xullo, polo que se establecen medidas complementarias ao Programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento da política agraria común.

3. Para os efectos deste real decreto clasifícanse as boas prácticas agrarias habituais en dúas categorías, principais e secundarias, establecéndose unhas reducións nas axudas en función do seu grao de cumprimento, que poderán chegar ata o 30 por cento para o primeiro ano por tres ou máis incumprimentos e ata o 40 por cento para o segundo ano na categoría principal e, nas secundarias, ata un 3 por cento por cada compromiso incumprido para o primeiro ano. No anexo especificanse cales son os requisitos, obxectivos e indicadores para o control e a forma de realización dos controis para comprobar o cumprimento das boas prácticas agrarias.

4. As comunidades autónomas poderán, regulamentariamente, modificar a clasificación das boas prácticas

agrarias, catalogando algunha das secundarias como principal, cando así o aconselle a importancia da devandita práctica no seu ámbito rexional.

5. Os beneficiarios serán debidamente informados dos compromisos que deberán cumprir e das reducións correspondentes da axuda no suposto de incumprimento.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores.*

A disposición derradeira terceira do Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para modificar o prazo máximo de presentación de solicitudes previsto nel.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 149.1.23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a lexislación básica sobre protección do ambiente respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para establecer, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

Dado en Madrid o 12 de maio de 2006

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO

1. BOAS PRÁCTICAS AGRARIAS PRINCIPAIS

BPA	REQUISITOS	OBXECTIVOS	INDICADORES	CONTROIS	OBSERVACIÓNS
Laboreo	-Prohibición do laboreo a favor de pendente. -Excepción: cando a lonxitude media dos lados da parcela perpendiculares á pendente (a) sexa menor de 50 metros e a relación entre esta e a lonxitude media dos lados da parcela a favor de pendente (b) sexa inferior a 1/3. -En ningún caso estará permitido o laboreo convencional cando a pendente media da parcela supere o 10%	-Loita contra a erosión. -Evitar a perda de fertilidade dos solos. -Mantemento da estrutura do solo.	-Sentido en que se realizaron os labores.	-Administrativos: ningún. -Sobre o terreo: a práctica debe ser controlada sobre o terreo en todas as parcelas cultivadas ou en barbeito da explotación.	-No caso de que se lles poida asignar ás parcelas un índice de pendente, as CC.AA. poderán establecer un índice mínimo por debaixo do cal non sexa necesario cumprir o compromiso (ata o 5%).
Hábitos de recolección e post-recolección	-Prohibición de queimar restreba	-Conservar a diversidade biolóxica. -Reducir as emisións de CO ₂ á atmosfera. -Mellorar o contido de materia orgánica dos solos e favorecer a vida microbiana.	-Signos físicos de queima da restreba. -Existencias de denuncias da gardaría rural ou de calquera outra autoridade competente.	-En caso de queima accidental, deberá comprobarse que se interpuxo a correspondente denuncia. -Comprobación da existencia ou non de permiso de queima de restrebas, emitido pola autoridade competente. -Comprobación sobre o terreo da existencia dos signos de queima de restrebas mediante itinerarios.	-A prohibición de queimar restrebas aplicarase en todos os casos, agás naqueles en que a Administración competente, por motivos sanitarios e fitosanitarios, o autorice. -Os controis desta práctica realízanse nos meses de setembro/outubro.
Carga gandeira	-Non superar os límites establecidos para a carga gandeira das superficies forraxeiras.	-Conservación da biodiversidade, control da erosión e mantemento das gandarias do solo.	-Carga gandeira media anual da explotación que hai que controlar.	-Comprobar administrativamente a carga gandeira media anual utilizando as bases de datos oficiais dispoñibles nas CC.AA. complementados cos controis sobre o terreo que se consideren oportunos.	-Para cada explotación, a Administración deberá fixar a carga gandeira media anual correspondente. -Non se contabilizarán as gandarias en estabulación permanente que non dependan das superficies forraxeiras.
Fitosanitarios	-Utilización ou tenza, exclusivamente, de produtos autorizados.	-Evitar contaminación por produtos fitosanitarios. -Evitar riscos en materia de saúde humana.	-Existencia de denuncias relacionadas con esta norma. -Existencia na explotación de produtos non autorizados.	-Revisión de almacéns de agroquímicos da explotación. -Revisión do caderno de explotación nas medidas agroambientais.	

2. BOAS PRÁCTICAS AGRARIAS SECUNDARIAS

BPA	REQUISITOS	OBXECTIVOS	INDICADORES	CONTROIS	OBSERVACIÓNS
Sanidade animal	-Cumprir o establecido en materia de campañas oficiais de saneamento gandeiro de carácter obrigatorio. -Cumprir a normativa vixente en materia de uso de alimentos prohibidos e anabolizantes.	-Evitar epizootias. -Mellorar o benestar animal. -Garantir a seguranza alimentaria.	-Cumprimento de normas en materia de sanidade animal. -Cumprimento de normas en materia de identificación animal.	-Cruzamento coas bases de datos dos servizos de sanidade animal. -Cruzamento cos datos dispoñibles nos servizos competentes en materia de saneamento gandeiro e produtos prohibidos en alimentación animal.	

BPA	REQUISITOS	OBXECTIVOS	INDICADORES	CONTROIS	OBSERVACIÓNS
Alternativas e rotacións	-En secaño, respecto dos índices de barbeito obrigatorios establecidos no real decreto correspondente. -Conservación de niños de especies protexidas de difícil localización. -Illamento mediante franxas labradas de, polo menos, 3 metros de largo, nas parcelas con cultivos herbáceos que estremen con parcelas forestais para evitar riscos de incendios.	-Conservación da estrutura, materia orgánica e fertilidade dos solos; racionalización do consumo de fertilizantes; loita contra pragas. -Mantemento da biodiversidade.	-Índice de barbeito	-Administrativos: Cruzar coas bases de datos do SIXPAC para determinar se a explotación cumpriu con índice de barbeito (IB).	
Hábitos de recolección e post-recolección	-Conservación de niños de especies protexidas de difícil localización. -Illamento mediante franxas labradas de, polo menos, 3 metros de largo, nas parcelas con cultivos herbáceos que estremen con parcelas forestais para evitar riscos de incendios.	-Mantemento da biodiversidade.	-Existencia de denuncias por incumprimentos da normativa existente ao respecto. -Existencia de tales franxas nas parcelas indicadas	-Administrativos: Información sobre posibles infraccións en materia de ambiente. -Control sobre o terreo da existencia de franxas nas parcelas indicadas.	
Maquinaria agrícola	-Cumprir a normativa vixente sobre seguranza viaria do vehículo e seguranza no traballo. -Facer uso eficiente dos combustibles fósiles.	-Optimizar utilización de enerxía. -Contribuír á mellora da seguranza no traballo.	-Existencia de denuncias por incumprimentos da normativa existente ao respecto.	-Administrativos: Información sobre posibles infraccións en materia de maquinaria e seguranza viaria. -Sobre o terreo: Pedir a documentación pertinente na visita á explotación.	

BPA	REQUISITOS	OBXECTIVOS	INDICADORES	CONTROIS	OBSERVACIÓNS
Regas	<ul style="list-style-type: none"> -Cumprir a normativa vixente en materia de concesión de augas e limitacións de uso establecidas polas confederacións hidrográficas. -Manter o sistema de rega evitando as perdas de auga. 	<ul style="list-style-type: none"> -Utilización eficiente da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> -Existencia de denuncias por incumprimentos da normativa existente ao respecto. -Estado de conservación da rede de regas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Administrativos: Información sobre posibles infraccións en materia de augas. -Sobre o terreo: Comprobación do estado de conservación da rede de regas da explotación. 	
Fertilizantes	<ul style="list-style-type: none"> -Nas zonas vulnerables, cumprir cos niveis de fertilización nitróxeno especificados nos respectivos programas de acción. -Non aplicar estercos e zurros sobre terreos encharcados ou con neve. -Cando as explotacións se atopan nas zonas vulnerables a nitratos, actuar conforme o que se establece na directiva correspondente. -Prohibición da vertedura de estercos e zurros a canles de auga. -Manexo axeitado de estercos. 	<ul style="list-style-type: none"> -Evitar a contaminación por fertilizantes. -Evitar a contaminación de terreos e canles de auga. 	<ul style="list-style-type: none"> -Os establecidos nos correspondentes programas de acción. -Existencia de denuncias por incumprimentos nestas materias. -Existencia na explotación de signos evidentes de incumprimento dos requisitos. 	<ul style="list-style-type: none"> -Administrativos: Petición de información ao organismo responsable. -Controis administrativos conxuntamente coa autoridade responsable dos programas de acción. -Controis sobre o terreo: Comprobación de signos evidentes de incumprimento dos requisitos. 	
Estercos e zurros	<ul style="list-style-type: none"> -Manexo axeitado de estercos. -Respectar as indicacións dos fabricantes. -Retirar os envases e outros restos unha vez realizada a aplicación. -Xestión de envases conforme as normas establecidas pola autoridade competente. 	<ul style="list-style-type: none"> -Evitar a contaminación por fitosanitarios. -Evitar riscos en materia de saúde humana. 	<ul style="list-style-type: none"> -Existencia dunha cualificación axeitada do persoal encargado da aplicación de fitosanitarios ou compromiso de alcanzala no prazo máximo de dous anos. -Existencia de instalacións adecuadas para o almacenamento de produtos fitosanitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> -Revisar almacéns de agroquímicos. -Revisar caderno de explotación nas medidas agroambientais. -Comprobación da cualificación do persoal aplicador. 	
Fitosanitarios	<ul style="list-style-type: none"> -Eliminar os restos de poda. -Xestión axeitada de envases. -Retirar das parcelas os plásticos usados e outros residuos e depositalos en lugares apropiados. 	<ul style="list-style-type: none"> -Reducir a contaminación de orixe agraria. 	<ul style="list-style-type: none"> -Contrato administrativo co xestor, de ser o caso. -Existencia de lugares de almacenamento. -Existencia de denuncias por incumprimentos nestas materias. 	<ul style="list-style-type: none"> -Comprobación, se é o caso, da existencia de contratos administrativos co xestor. -Comprobación da existencia de lugares apropiados para o depósito de materiais residuais. -Comprobación de signos evidentes de incumprimento dos requisitos. 	
Materiais residuais					

BPA	REQUISITOS	OBXECTIVOS	INDICADORES	CONTROIS	OBSERVACIÓNS
Cultivos finalizados	-Non abandonar os cultivos unha vez esgotada a súa vida útil económica. -Manter os cultivos libres de pragas, enfermidades e parasitos susceptibles de ser transmitidos. As CC.AA. definirán o método e necesidade.	-Evitar a difusión de pragas e enfermidades. -Evitar posibles riscos de incendio.	-Existencias de denuncias por incumprimento nestas materias. -Existencia na explotación de signos evidentes de incumprimento do requisito.	-Comprobación de signos evidentes de incumprimento dos requisitos.	

3. REDUCIÓNS POR INCUMPRIMENTO DAS BOAS PRÁCTICAS AGRARIAS

TIPO DE PRÁCTICA AGRARIA	1.º ANO	2.º ANO	3.º ANO E SEGUINTE
Principais	Un incumprimento: 10% Dous incumprimentos: 20% Tres ou máis: 30%	Un incumprimento: 20% Dous incumprimentos: 30% Tres ou máis: 40%	-Regula xeral: retirada total das axudas aprobadas para ese ano. -Excepcións: de o incumprimento ser en materias relacionadas co uso de fitosanitarios, alimentos prohibidos ou anabolizantes ou programas de saneamento gandeiro, a penalización suporá a exclusión do programa, e no caso das medidas agroambientais, levará implícita a devolución das primas recibidas, de ser o caso.
Secundarias	Un 3% por cada compromiso incumplido	Un 3% por cada compromiso incumplido acumulable aos de anos anteriores se se trata da mesma práctica.	Un 3% por cada compromiso incumplido acumulable aos de anos anteriores de se tratar da mesma práctica.